



Galicia

# GALICIA

## LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA  
polo TEU

**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 886 Semana do 3 ó 9 de xaneiro de 2022

## UGT CELEBRA A APROBACIÓN DA REFORMA LABORAL

Agora si. Gañamos dereitos



**Redacción.-** UGT expresa a súa satisfacción polo acordo alcanzado, tras máis de nove meses de negociacións, polo que se modifican tanto aspectos centrais da reforma laboral levada a cabo polo Partido Popular en 2012, como materias doutras reformas que devaluaron profundamente os dereitos laborais e salariais no noso país.

Este acordo é un fito indiscutible na historia do noso país porque é un acordo pactado, ambicioso e que supón unha recuperación nítida e unha mellora evidente de dereitos laborais da clase traballadora.

A reforma está articulada en base a tres elementos fundamentais:

- **Recupera os equilibrios e o valor da negociación colectiva.**
- **Limita a contratación temporal.**
- **Aborda medidas de flexibilidade interna como alternativas aos despedimentos a través do Mecanismo REDE.**

O reequilibrio da negociación colectiva é absolutamente clave para UGT. Na reforma laboral de 2012 púxose en cuestión a pervivencia dos convenios colectivos. Se

non se chegaba a un acordo nun convenio este podería desaparecer. Neste momento recuperamos a ultraactividade dos convenios colectivos, da mesma maneira que revertemos a norma pola que os convenios de empresa podían diminuír as condicións laborais dos traballadores e, sobre todo, das traballadoras. Xa non haberá convenios de empresa por baixo dos convenios sectoriais, e volvemos a unha negociación colectiva articulada entre sector, territorio e empresa.

España leva moito tempo sendo o campión de Europa en temporalidade. Con este acordo elimínase o contrato de obra ou servizo e límitase a utilización da temporalidade. O contrato eventual que xorde desta reforma poderá alcanzar os seis meses prorrogable ata doce en negociación colectiva, fronte aos catro anos aos que podía chegar o de obra ou servizo.

Os ERTE utilizados durante a pandemia para evitar a destrución masiva de postos de traballo supuxeron algo inédito en España e é que na maior crise económica coñecida, por primeira vez, non se destruíu máis emprego que o que caía a economía. UGT viña reclamando medidas que restrinxisen o despedimento, habilitando fórmulas de adapta-

ción temporal de xornada. Estas formulacións recóllense en boa parte no Mecanismo REDE, que permite a adaptación temporal da xornada de traballo, a cobranza dunha prestación social que non consuma desemprego das persoas traballadoras a cambio de restricións no despedimento.

En definitiva, para UGT, este acordo consolida un cambio de tendencia na regulación e a lexislación laboral, supoñendo un punto de inflexión despois de 20 anos ininterrompidos de reformas lesivas para a clase traballadora, no que o sindicato seguirá profundando con novas reformas e novas propostas nos próximos meses.

Por iso, fai un chamamento á responsabilidade dos partidos políticos, desde o pleno respecto ao traballo das cámaras parlamentarias, á súa altura de miras, para validar no Congreso un acordo tan importante, que elimina aqueles aspectos que contribuíron a empobrecer á clase traballadora, a incidir na desigualdade social e na pobreza laboral, e freou a recuperación económica tras as distintas crises, ademais é froito do consenso duns axentes sociais que demostraron estar á altura do papel que a lexislación actual e a sociedade outórganos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# AGORA TOCA IMPULSAR O EMPREGO DE CALIDADE

## A contratación indefinida non chegou en Galicia ó 10%

**Redacción.-** UGT-Galicia considera positivos os datos do paro pero insta a mellorar a calidade do emprego en 2022. Para iso, demanda aos grupos parlamentarios que apoiem o acordo de reforma laboral, alcanzado polos sindicatos e os empresarios, para poñer fin á precariedade e temporalidade inxustificadas no mercado de traballo. O sindicato defende, ademais, que os salarios suban en consonancia co crecemento económico; esixe que o SMI se sitúe xa en 1.000 euros ao mes; e que o salario mínimo de convenio creza tamén neste novo ano ata os 1.100 euros.

Os datos de paro coñecidos este martes confirman unha vez máis a efectividade de levar a cabo políticas de impulso económico e de protección social e do emprego en momentos de adversidade económica. A actual situación de incerteza, produto da difusión da variante Ómicron do virus, demanda seguir profundando nestas medidas a fin de que se fortaleza a actual etapa de expansión económica e os seus froitos acaben redundando positivamente no maior número de persoas posible. Neste aspecto, o recente acordo sobre a reforma laboral xogará un papel moi importante ao situar ao emprego estable e de calidade como un dos principais piares sobre os que apoiar a recuperación económica.

Así, o novo acordo en materia laboral elimina algúns aspectos máis lesivos das antigas lexislacións, abrindo un novo escenario para as relacións laborais que recupera equilibrios na negociación colectiva e promove a xeración de emprego estable ao desincentivar a temporalidade e a precariedade, principais acenos de identidade do noso mercado laboral durante décadas. É, sen dúbida, un moi bo acordo, que debe agora trasladarse á práctica diaria de contratación das empresas e á negociación dos convenios colectivos, impulsando de maneira consensuada un mercado laboral máis eficiente e xusto e, como consecuencia, unhas empresas máis produtivas e competitivas.

### O acordo de reforma laboral debe vir acompañado dunha política salarial que se traduza en ganancias de poder adquisitivo para as persoas traballadoras

Igualmente, para asegurar que o acordo finalmente se acabe materializando nunha mellora das condicións laborais das persoas traballadoras, é necesario que se siga complementando con outras actuacións. A primeira, en materia salarial: a xeración de emprego estable debe vir acompañada dunha política salarial que se traduza en ganancias de poder adquisitivo para as persoas traballadoras, en consonancia coa actual fase expansiva na que se atopa a economía. Para iso,

desde o sindicato esiximos que o SMI se sitúe xa en 1.000 euros á vez que o salario mínimo de convenio debe crecer tamén neste novo ano ata os 1.100 euros.

### Análise dos datos

Cos datos publicados este martes polo Ministerio de Traballo e Economía Social e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións compróbase unha evolución lóxica nos datos de desemprego no Nadal. Aínda que hai que ter en conta que nas series interanuais o contexto base era moi diferente, con outro nivel de pandemia e vacinacións.

En Galicia, no mes de decembro dáse unha caída do paro do 0,11%, 163 persoas menos, moito máis leve en comparación coa rexistrada no resto do Estado, do 2,41%. Así, hai nesta Comunidade un total de 152.584 persoas en situación de desemprego, 3.105.905 no Estado.

En relación a hai un ano, a caída do desemprego foi histórica, dun 19,52% en Galicia, 37.003 persoas menos no paro, e do 20,12% no Estado. Aínda que hai que precisar que os contextos de 2020 e 2021 son diferentes, como xa se comentaba en parágrafos precedentes.

Son 6.074 os mozos e mozas menores de 25 anos en desemprego. Baixando en 542 persoas en relación ó mes anterior, o que supón un 8,19%, unha baixada moito máis acusada que no conxunto de idades. Non se pode esquecer que decembro é un mes de incorporación da mocidade ó mercado de traballo polos contratos eventuais de Nadal. En relación a hai un ano, a caída tamén é moito máis forte que no conxunto de idades, dun 34,24%.

Por sexos, no mes a evolución foi máis negativa para os homes, basicamente polo aumento do desemprego no sector da construción e na industria. Así, medrou o paro no 2,01% pero baixou no caso das mulleres nun 1,61%.

Non obstante, no ano, e dende unha perspectiva xa estrutural, a evolución do emprego en Galicia beneficia máis ós homes, caendo o paro nun 21,38% e nun 18,09% no caso das mulleres. Isto conduce a que en termos estruturais as mulleres seguen a representar o 57,6% do total do desemprego, 87.841 mulleres en situación de desemprego, fronte a 64.743 homes.

Por sectores, o paro incrementouse no mes na construción, nun 6,02%, no primario,



nun 4,2%, e na industria, nun 1,52%. No sector servizos caeu nun 0,72% e no colectivo de sen emprego anterior nun 4,24%.

No ano rexistrouse unha contracción acusada en todos os sectores, destacando 24.749 persoas menos no sector servizos; 3.219 na construción; 3.388 menos na industria; 4.000 no colectivo de sen emprego anterior; e 1.647 no sector primario.

En termos provinciais, medra en Pontevedra, un 1,01%; nas restantes cae, o 1,59% en Ourense, 1,46% en Lugo e 0,44% na Coruña.

No ano dáse unha forte contracción en todas elas. Caída máis contundente na de Lugo, 23,15%, na Coruña, 20,21%, en Ourense, 19,66%, e en Pontevedra, o 17,82% de caída.

Cos datos de decembro compróbase que se realizaron 72.914 contratos, o 9,46% desta contratación é de carácter indefinida. Tralo mes anterior, no que houbo unha campaña do Ministerio de conversión de contratos temporais en indefinidos, volve a ter unha porcentaxe do 9,46% a contratación indefinida sobre a total. De cada 100 contratos tan só 9,46 son indefinidos.

A taxa de cobertura por desemprego en novembro de 2021 (último dato dispoñible) sitúase nun 61,5%. As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego foron 86.347. Destas, o número de persoas beneficiarias de prestación contributiva son 38.661, o 44,8%. Polo tanto, a maioría das persoas beneficiarias de cobertura de desemprego dependen de modalidades de carácter asistencial, situación desfavorable, de cada 100 prestacións, 44,8% son de carácter contributiva e o 55,2% restante son asistenciais.

En canto á evolución nas cifras de afiliación á Seguridade Social (media mensual), sitúase en Galicia no mes en 1.032.784, cae no mes o 0,26%, fronte ao aumento no mes do 0,37% no Estado. Distinta estacionalidade sectorial segundo comunidades autónomas, pero non é un bo dato en Galicia.

Medra a afiliación / cotización á Seguridade Social no ano en Galicia o 3,06%, bo indicador interanual, tamén no Estado medra, e de forma máis acusada, no 4,08%.

**UGT-FICA ESIXE MANTER UNHA REUNIÓN COA PROPIETARIA DE BARRERAS PARA VALORAR A OFERTA GAÑADORA E ASEGURAR A VIABILIDADE DO ESTALEIRO E O FUTURO DO EMPREGO**

## **OS TRABALLADORES DE BARRERAS MOBILÍZANSE POLO FUTURO DA FACTORÍA, DO EMPREGO E PARA QUE SE CONTE CON ELES NA BÚSQUEDA DUNHA SAÍDA E CONVOCAN FOLGA PARA A VINDEIRA SEMANA, DO 10 Ó 15**

**Redacción.-** Os traballadores de Barreras concentráronse este mércores ás portas do estaleiro para trasladarlle con claridade a todos os actores implicados na solución de venda da empresa (propiedade, futuros propietarios e administracións) que non se pode dar unha saída á actual crise sen contar cos traballadores.

UGT-FICA ven dicindo nas últimas datas que ninguén pode confundir a postura construtiva e responsable que tiveron os traballadores ata día de hoxe, para que puidesen aparecer ofertas, con que vaiamos a permitir calquera solución que deixe tiradas ás persoas traballadoras.

Para UGT-FICA son condicións necesarias:

- Carga de traballo

- Continuidade de todas as persoas traballadoras.

- Mantedemento do estaleiro con plenas capacidades para grandes construcións, cuestión que permitiría xerar un importante volume de emprego na industria auxiliar.

UGT-FICA manifesta o seu convencemento de que unha vez que se manifestaron diferentes ofertas para a compra do estaleiro é posible, co impulso e o compromiso de todos, conquistar os obxectivos marcados. Para elo, ninguén se pode poñer de perfil.



Chegou a hora de pasar das palabras ós feitos, polo tanto a Xunta de Galicia, así como o Ministerio de Industria teñen que protexer e potenciar un sector estratéxico como é o naval da ría de Vigo que pasa, entre outras accións, por recuperar toda a potencialidade do primeiro estaleiro privado do Estado como cabeza tractora.

## **O PERSOAL DE URXENCIAS DO HUAC MOBILÍZASE PARA DENUNCIAR AS INSOSTIBLES CONDICIÓNS DE TRABALLO E ESIXIR MÁIS MEDIOS**

**Redacción.-** Unha vez máis, os traballadores e traballadoras de urxencias do Hospital da Coruña (HUAC) mobilizáronse ás portas do centro, este venres, para denunciar as insostibles condicións laborais ás que se teñen que enfrontar a diario e que fan moi difícil o desempeño das súas tarefas e un trato digno ós doentes que se achegan a este servizo.

Os traballadores e traballadoras denuncian os reiterados incumprimentos das ratios; a falta de cobertura das ausencias, o que xenera

unha forte sobrecarga asistencial; a denegación de permisos de xeito sistemático; e que non se están a compensar retributivamente as autocoberturas.

Todo isto xenera no día a día situacións insostibles, xa en condicións normais, e máis aínda na actual situación de pandemia na que a carga asistencial é moi superior e



moito máis delicada. Por todo isto, urxe a dotación de medios que garantan un servizo de calidade.

## **A CONCESIONARIA DOS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DO SERGAS E DOS XULGADOS BLOQUEA A NEGOCIACIÓN SALARIAL**

**Redacción.-** Solitium Noroeste, a concesionaria dos servizos de impresión do Sergas e dos xulgados galegos, está a bloquear a negociación da revisión salarial para os seus 145 traballadores e traballadoras para os anos 2020, 2021 e 2022, coa perda de poder adquisitivo que isto supón cun IPC para o 2021 que xa rebasa o 5,5%.

Ademais disto, Solitium Noroeste pretende empeorar dun xeito unilateral as condicións laborais no relativo a xornada, incumprindo o pactado no convenio que está en vigor.

Ata o momento, e por responsabilidade, non se acometeu ningún tipo de mobilización porque se está a falar de sectores moi sensibles que poderían su-

frir un bloqueio nun momento como o actual.

Non obstante, dende UGT, CCOO e CIG anuncian que, se continúa esta situación de bloqueio e ausencia de negociación, abrirase un calendario de mobilizacións co fin de reivindicar os dereitos dos 145 traballadores e traballadoras afectados.

## É DE XUSTIZA AUMENTAR OS SALARIOS

**Redacción.-** O avance de IPC do mes de decembro, publicado esta semana polo INE, reflicte unha taxa anual dos prezos do 6,7%, un dato moi afastado dos crecementos salariais que se levaron a cabo neste ano, un 1,6% no Salario Mínimo Interprofesional (SMI), unicamente a partir de setembro, e un 1,5% de media nos salarios de convenios colectivos ata novembro.

Para UGT, o peche de IPC deste ano debe impulsar de maneira necesaria o aumento da capacidade adquisitiva das persoas traballadoras, cun incremento do SMI para este 2022 superior ao que se está dando no nivel dos prezos. Neste sentido, o sindicato considera que calquera SMI inferior aos 1.000€ en 2022 sería nefasto para as familias dos traballadores e traballadoras deste país.

Ademais, as negociacións salariais en convenios colectivos deben reforzar este crecemento e apoiarse en cláusulas de garantía salarial para que queden cubertos ante subidas do nivel de prezos. Alcanzar estes pactos nos convenios sería moito máis sinxelo se a patronal se sentase a negociar un V Acordo para o Emprego e a

Negociación Colectiva, algo que vimos reclamando desde que cesou o anterior, a finais de 2020.

Para UGT, é fundamental tamén que se interpoñan medidas efectivas para conter o prezo da electricidade, que está a aumentar o custo das facturas da luz nunha época invernal onde a electricidade e os hidrocarburos son fundamentais para manter os fogares a unha temperatura adecuada.

E como continuación das políticas emprendidas tras a pandemia, é necesario que se persista no apoio aos traballadores e ás empresas mediante políticas fiscais expansivas ata que a recuperación sexa un feito e se efectúe sen prexuízos para os traballadores e traballadoras.

### Datos de interese

Segundo o avance que deu a coñecer o INE, a taxa de variación interanual situaríase no 6,7% en decembro, sería así a taxa anual máis alta desde marzo de 1992. Á súa vez, isto implica unha taxa mensual



do 1,3%. Ademais, de confirmarse este dato, a media das variacións anuais neste 2021 sería dun 3,1%. Este é a maior media nun ano desde 2011 e prodúcese nun momento de crecementos salariais baixos.

Con todo, a inflación subxacente tamén continúa crescendo. Neste mes, a súa taxa de variación anual sería dun 2,1%, catro décimas máis que o pasado mes.

As causas que avanza na súa nota o INE son, como sucede desde hai meses, os altos prezos da electricidade, que creceron máis neste decembro que no mesmo mes de 2020. Ademais, neste mes afectaron á alza do nivel de prezos o comportamento dos alimentos, aínda que en menor medida.

## UGT RECLAMA QUE SE RECOÑEZA O SÍNDROME POST COVID-19 OU COVID PERSISTENTE COMO ENFERMIDADE

**Redacción.-** A Organización Mundial da Saúde desenvolveu unha definición de caso clínico de afección posterior á COVID-19 ao que outorgou un código na clasificación Internacional de Enfermidades, é a chamada “síndrome post covid-19” que se presenta en persoas con antecedentes de infección probable ou confirmada polo SARS CoV-2, xeralmente 3 meses desde o inicio do COVID-19 con síntomas e que duran polo menos 2 meses e non poden explicarse cun diagnóstico alternativo.

Os síntomas comúns inclúen, entre outros, fatiga, dificultade para respirar, disfunción cognitiva, e teñen, xeralmente, un impacto na vida diaria. Poden ser de nova aparición, despois da recuperación inicial dun episodio agudo de COVID-19, ou persistir desde a enfermidade inicial, e tamén poden fluctuar ou recaer co tempo.

UGT denuncia que no noso país non se recoñece a síndrome post covid ou covid persistente como enfermidade e que, como consecuencia disto, están a darse situacións nas que, tras meses de baixa por covid, persoas son dadas de alta e ven forzadas a reincorporarse ao seu posto de

traballo, pero debido a que o seu estado de saúde non é óptimo para traballar, nalgúns casos, son despedidas por “baixo rendemento” ou causas semellantes.

O sindicato reclama, ademais, que a estas persoas se lles recoñeza a posterior enfermidade xerada polo COVID-19 e sexan amparadas pola Seguridade Social cobrando o seu subsidio por incapacidade temporal e así o esixiu reiteradamente ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Para os casos nos que se recoñeceu a orixe profesional da patoloxía e no caso de que a persoa traballadora padece COVID persistente, as recaídas deben ser tratadas como continxencia profesional, xa que, segundo o art. 169.2 da Lei Xeral da Seguridade Social: “Considérase que existe recaída nun mesmo proceso de incapacidade cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos cento oitenta días naturais seguintes á data de efectos da alta médica anterior”.

Nos casos en que a incapacidade tem-



poral debida á COVID-19 asimilouse a accidente de traballo unicamente para os efectos de prestación económica, o sindicato solicita que, se posteriormente requiren de novas baixas laborais debidas a COVID persistente, estas continúen asimilándose, como mínimo, a accidente de traballo para os efectos de prestación económica.

Estas medidas serían de gran axuda e protexerían a aquelas persoas traballadoras que, por desgraza, padecen os graves efectos desta enfermidade que nalgúns casos chega a ser altamente incapacitante, impedíndolles desenvolver o seu traballo de maneira normal, coa consecuente deterioración da súa calidade de vida, tanto en termos de saúde como económicos.